

## LINGUAXE MUSICAL PEQUES 2º

Tódolos contidos de Linguaxe Musical Peques 1º máis os seguintes:

### 🎧 **Contidos de rítmica-lectura**

1. Elementos gráficos novos: liñas adicionais, notas de sol 3 a sol 5.
2. Pregunta (suspensivo) - resposta (conclusivo) rítmica.
3. Traballo de memorización rítmica.
4. Aplicación e práctica de textos a ritmos adecuados ao nivel e viceversa (ritmos aplicados a textos).
5. Figuras e fórmulas rítmicas a traballar:
  - Subdivisión binaria: negra ligada a dúas corcheas, negra con puntillo + corchea, síncope de corchea-negra-corchea ou dúas corcheas ligadas a dúas corcheas, anacruse de negra e dúas corcheas, contratempo (silencio de corchea-corchea), negra con puntillo-silencio de corchea.
  - Subdivisión ternaria: negra con puntillo, silencio de negra con puntillo, tres corcheas, negra-corchea, corchea-negra, silencio de corchea-dúas corcheas, dúas corcheas-silencio de corchea.
6. Introducción á expresión musical (ligadura de expresión ou legato, picado, acento ^ ), lectura articulada. Termos para modificar o movemento gradualmente (acelerando, ritardando), termos para restablecer o movemento.
7. Outros elementos de lectura e escritura musical: dobre barra de repetición, 1ª e 2ª vez, etc...

### 🎧 **Contidos melódicos:**

1. Coñecemento da voz e do seu funcionamento: articulación, relaxación, etc.
2. Sensibilización e práctica auditiva e vocal dos movementos melódicos tonais.
3. Introducción a outras tonalidades: Fa Maior, Mi menor, cos seus arpejos, exercicios de entoación e cancións.

### 🎧 **Contidos auditivos:**

1. Movementos interválicos (introdución ós intervalos): ascendente- descendente, conxunto-disxunto, melódico-harmónico.
2. Tensión-repouso (iniciación ós conceptos de cadencia conclusiva e suspensiva e ós acordes de tónica e dominante).
3. Fórmulas rítmicas traballadas previamente no apartado rítmica-lectura.
4. Reprodución de ditados rítmicos e melódicos (independentes).
5. Recoñecemento auditivo dos acordes de tónica, subdominante e dominante.

### 🎧 **Contidos teóricos:**

1. A frase musical: pregunta-resposta (tensión-repouso).
2. Intervalos iniciación (clasificación: ascendentes-descendentes, conxuntos-disxuntos, melódicos-harmónicos, simples-compostos), unísono, 8ª alta e baixa, acorde.
3. As escalas e as tonalidades. As alteracións. As armaduras.
4. Os tipos de escalas menores (modelo La menor): natural e harmónica.
5. Os graos da escala.
6. Signos e termos de tempo, dinámica, agónica e expresión. Diminutivos superlativos adverbios engadidos ós termos de tempo.
7. Signos de repetición (dous puntos, 1ª e 2ª vez, signos especiais de repetición, Da Capo), Coda
8. Iniciación ás cadencias.
9. Compases simples e compostos.

### 🎧 **Improvisación-creatividade**

A improvisación e a creatividade son pilares básicos para as clases de linguaxe musical. Estarán presentes na gran maioría das clases poñendo en práctica tódolos coñecementos adquiridos ata o momento.